

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE INSTITUCIÓN PARA A SÍNDROME DE DOWN (DOWN GALICIA) PARA FAVORECER A ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO CON SÍNDROME DE DOWN OU CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten previsto formalizar coa Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á data da súa sinatura e terá duración ata o remate do curso académico 2016/17, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) e as súas entidades membros, nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con síndrome de Down ou con discapacidade intelectual.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con



toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Neste sentido, tanto na normativa educativa estatal, impulsada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, como no desenvolvemento curricular estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, faise explícita a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre o que se sitúa o alumnado con síndrome de Down ou con discapacidade intelectual.

2. Que a Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) é unha entidade sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins. Entre as súas finalidades está a promoción da participación das familias e/ou dos seus representantes no sistema educativo en canto colaboración, apoio e impulso de todas aquelas medidas destinadas á mellora da calidade de vida das persoas coa síndrome de Down ou con discapacidade intelectual, e da súa familia. A Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) para a consecución dos seus obxetivos, así como no marco da presente colaboración, contará co apoio e traballo coordinado coas súas entidades membros:

RAZÓN SOCIAL ENTIDADE MEMBRO	C.I.F. ENTIDADE
DOWN VIGO: ASOCIACIÓN PARA EL SÍNDROME DE DOWN	G-36.697.324
DOWN PONTEVEDRA "XUNTOS" ASOC SÍNDROME DE DOWN	G-36.164.887
ASOC. SÍNDROME DE DOWN "TEIMA" DE FERROL	G-15.458.060
FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA	G-70.040.258
DOWN CORUÑA: ASOCIACIÓN PARA EL SÍNDROME DE DOWN	G-15.731.466
ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN DE LUGO-DOWN LUGO	G-27.202.043
DOWN OURENSE	G-32.311.870

3. Que a través deste Convenio a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (DOWN GALICIA) darán continuación á colaboración para favorecer a atención educativa ao alumnado coa síndrome de Down ou con discapacidade intelectual plasmada no Acordo de 8 de novembro de 2010 suscrito por ambas entidades, e que resulta precedente do presente Convenio.

4. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de



educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir “apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas”.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con síndrome de Down ou con discapacidade intelectual.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

E para dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras, asíñase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura.

